

**M<sup>a</sup> DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MEIS  
(PONTEVEDRA)**

**CERTIFICO:**

Que na sesión realizada polo Pleno do Concello do día 22 de maio de dous mil dezanove, entre outros, adoptouse o acordo que, literalmente, di:

**“5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE MEIS, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

A secretaria da lectura á seguinte proposta da alcaldía:

*“Vista a Resolución desta Alcaldía de inicio do expediente de contratación, por procedemento aberto con varios de criterios de adxudicación, para a concesión do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos do término municipal de Meis, durante un período de dez anos, e un valor estimado de 2.833.235,00€ sen IVE.*

*Vista a necesidade de levar a cabo a contratación das prestacións obxecto da contratación*

*Vista a insuficiencia de medios persoais e materiais para levar a cabo a realización das prestacións pola propia administración.*

*Resultando acreditada a necesidade da contratación.*

*Vista a documentación técnica obrante nas oficinas do Concello relativa á contratación da concesión do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos, Estudio de viabilidade, orzamento e Prego de condicións técnicas particulares confeccionados pola empresa SOGOS CONSULTING SLU, que prevé un valor estimado de contrato por un período de 10 anos de 2.833.235,00€.*

*O procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características das prestacións a realizar.*

*Visto o informe da secretaría e o xustificante de existencia de crédito de intervención.*

*Visto o art. 22. n) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime local.*

*Vista a D.A. 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e vista a delegación do Pleno do Concello en materia de contratación na Xunta de Goberno local, acordada en sesión do primeiro de data 27 de xullo de 2015.*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:*

**Primeiro:** *Recuperar a competencia en materia de contratación, que resultou delegada na Xunta de Goberno local por acordo plenario de data 27 de xullo de 2015..*

**Segundo:** *Aprobar o gasto derivado do expediente, con cargo ás partidas do*

orçamento de gastos cifradas: 1621.227.99 e 1623.227.99.

**Terceiro:** Aprobar o estudio de viabilidade e o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, para a adxudicación da concesión do servizo, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos do término municipal de Meis, durante un período de dez anos, e un valor estimado de 2.833.235,00€ sen IVE.

**Cuarto:** Aprobar o prego de condicións administrativas particulares así como o prego de prescripcións técnicas que rexerán o contrato para a adxudicación da concesión do servizo..

**Quinto:** Anunciar a licitación no Perfil do Contratante, por prazo de 40 días naturais.

**Sexto:** Somete-lo expediente ós demais trámites previstos no prego de condicións administrativas particulares e Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

**Sétimo:** Autorizar ao Sr. Alcalde, á realización de cantos actos de trámite sexan precisos en execución deste acordo.”

Sometida a votación a proposta da alcaldía, resulta aprobada por unanimidade dos membros corporativos presentes (6 votos a favor do PP).”

E para que conste e á reserva dos termos da aprobación da acta, expido a presente certificación, có Visto e Prace do Sr. Alcalde.

A SECRETARIA

Visto e Prace  
O alcalde

M<sup>a</sup> Carmen Merino Moína

José Luis Pérez Estévez

ASINADO ELECTRONICAMENTE